



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2011 17:21
Nº Rexistro: 74726
Data envío: 07/12/2011 17:21:30.126

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Isabel Sánchez Montenegro e Bieito Lobeira Domínguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ás accións que vai desenvolver a Xunta de Galiza en relación co saneamento integral da Ría de Arousa nos concellos que integran a comarca da Barbanza.

As rías galegas presentan déficits importantes en materia de saneamento e depuración. Carencias que é relevante solucionar, non só polo seu negativo impacto medioambiental, senón tamén polas súas repercusións na actividade produtiva que se desenvolve nas rías da nosa nación, que dá emprego a milleiros de homes e mulleres.

A Ría de Arousa é un das máis produtivas e das que xera máis emprego. Porén, as medidas de depuración e saneamento son claramente insuficientes. Segundo un estudo da Xunta, os problemas detectados teñen haber con carencias nos sistemas de depuración existentes, un gran número de puntos de vertido e necesidades na posta en marcha de sistemas de depuración eficaces para tratar as augas residuais da zona.

A Xunta de Galiza, ten presentado publicamente unha serie de actuacións que se van realizar en base ao Plan de saneamento local da marxe dereita da Ría de Arousa. Concretamente a finais do mes de outubro o titular da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas anunciaba no concello de Ribeira a licitación no ano 2012 da Edar de Ribeira. Segundo o cronograma feito público no mes de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2011 17:21
Nº Rexistro: 74726
Data envío: 07/12/2011 17:21:30.126

decembro someteríase a información pública o estudo de viabilidade e redactaríase o Estudo de Impacto ambiental. En febreiro estaría en redacción o anteproxecto da EDAR e finalmente a “mediados de 2012” licitaríase a EDAR e os colectores xerais.

A fin de avaliar o estado deste proxectos formulamos as seguintes preguntas:

En que situación se atopa o estudo de viabilidade da EDAR de Ribeira?

En que situación se atopa o estudo de impacto ambiental?

Iniciou a Xunta de Galiza os traballos para a redacción do anteproxecto da EDAR de Ribeira? Cando ten previsto a Xunta de Galiza que se someta a información pública?

Que previsións ten a Xunta de Galiza en relación coa licitación das obras de construción da EDAR de Ribeira? Cando prevé a Xunta de Galiza que esta nova EDAR poda estar en funcionamento?

Que fórmula de contratación se vai empregar nesta licitación?

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2010.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Isabel Sánchez Montenegro

Deputadas do G.P. do BNG.

Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 07/12/2011 17:19:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/12/2011 17:21
Nº Rexistro: 74726
Data envío: 07/12/2011 17:21:30.126

Isabel Sánchez Montenegro na data 07/12/2011 17:19:58

Bieito Lobeira Domínguez na data 07/12/2011 17:20:05